



XDO. PRIMEIRA INSTANCIA N. 4

VIGO

AUTO: 00329/2022

R/ LALÍN, 4 - 3^a - EDIF. AUDIENCIA
Teléfono: 986 817841/2/3, Fax: 986817844
Correo electrónico: instancia4.vigo@xustiza.gal

Equipo/usuario: SO
Modelo: M80171

N.I.G.: 36057 42 1 2020 0012879

S1C SECCION I DECLARACION CONCURSO 0000942 /2020

Procedimiento origen: CNA CONCURSO ABREVIADO 0000942 /2020

Sobre OTRAS MATERIAS CONCURSALES

ACREDOR D/ña. CAIXABANK S.A.

Procurador/a Sr/a. [REDACTED]

Abogado/a Sr/a. [REDACTED]

CONCURSADO D/ña. [REDACTED]

Procurador/a Sr/a. [REDACTED]

Abogado/a Sr/a. ANDREA OLINA FERNANDEZ

AUTO

Vigo, 21 de xullo de 2022.

FEITOS

PRIMEIRO. Mediante escrito de 23 de outubro de 2020, o mediador concursal [REDACTED], formulou solicitude de declaración de concurso consecutivo de [REDACTED] [REDACTED], tras non ter podido acadar un acordo extrajudicial de pagamentos cos seus acredores.

SEGUNDO. Mediante auto de 20 de xaneiro de 2021 declarouse en situación de concurso necesario á Sra. [REDACTED], acordándose a apertura da fase de liquidación e designando como administrador concursal ao Sr. [REDACTED].

TERCEIRO. Mediante escrito de 22 de marzo de 2021, o administrador concursal emitía informe, no que viña solicitar a conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa.

CUARTO. Mediante providencia de 20 de xullo de 2021 publicouse o informe da administración concursal, sen que



tiveran sido formulada más alegacións cás da propia concursada, que mediante escrito de 15 de decembro de 2021 veu amosarse conforme coa petición de conclusión e solicitaba, asemade, que fose acordada a exoneración do pasivo insatisfeito.

QUINTO. Mediante providencia de 13 de xaneiro de 2022 acordouse poñer de manifesto, por prazo de 15 días, o informe da administración concursal, a fin de que puideran pronunciarse concursada e acredores, especificamente, sobre a conclusión do concurso.

SEXTO. Transcorrido o prazo, non compareceu ningúén a formular oposición á petición de conclusión por insuficiencia da masa activa. A concursada reiterou a súa conformidade, así como a solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito, a medio de escrito de 26 de xaneiro de 2022.

SÉTIMO. Conferido traslado daquel escrito á administración concursal e máis aos acredores comparecidos nas actuacións, a medio de dilixencia de ordenación de 11 de febreiro de 2022, unicamente chegou pronunciarse sobre o particular o administrador concursal, a medio de escrito de 16 de febreiro de 2022, amosando a súa conformidade coa petición de exoneración do pasivo insatisfeito.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Establece o art. 473.1 TRLC que "durante la tramitación del concurso procederá la conclusión por insuficiencia de la masa activa cuando, no siendo previsible el ejercicio de acciones de reintegración o de responsabilidad de terceros ni la calificación del concurso como culpable, la masa activa no sea presumiblemente suficiente para la satisfacción de los créditos contra la masa, salvo que el juez considere que el pago de esos créditos está garantizado por un tercero de manera suficiente".

Pois ben, tendo sido neste caso solicitada pola administración concursal a conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa, ao abeiro do establecido no art. 474.1 TRLC, non veu ser formulada oposición algunha a dita solicitude dentro do prazo de 15 días establecido no art. 474.3 TRLC. De tal xeito que, consonte ao establecido no art. 475.1 TRLC, "el juez resolverá sobre la conclusión por insuficiencia de masa en la misma resolución que decida sobre la rendición de cuentas".

Non resultando procedente a conclusión, xa que logo, polo simple feito de non ter sido formulada oposición á solicitude





do administrador concursal, cumprirá determinar se habería de resultar a mesma procedente ao abeiro do establecido no art. 473.1 TRLC. E o certo é que veu dar conta o propio administrador concursal da concurrencia dos presupuestos que permitirían acordala: tendo desbotado o exercicio de accións de reintegración da masa ou de responsabilidade de terceiros, así como a posibilidade de cualificar como culpable o concurso, tampouco ofreceu dúbidas que o reducido importe da masa activa non habería de abondar para satisfacer as débedas pendentes (veuna cifrar o administrador concursal na cantidade de 504,61 euros, posto que o subsidio de desemprego que percibe a concursada resultaría, polo seu importe -451,92 euros-, totalmente inembargable).

Así as cousas, e toda vez que tamén deu conta o administrador concursal do pagamento dos créditos contra da masa (tal e como esixe o art. 474.1 TRLC), resultará procedente, xa que logo, acordar a conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa.

SEGUNDO. Permitindo o art. 486 TRLC que o concursado que sexa persoa natural poida solicitar o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito nos casos de conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa, non deixou de facelo neste caso a concursada, dentro do prazo concedido, precisamente, para formular alegacións á solicitude de conclusión do concurso (art. 489.1 TRLC). Amosándose conforme a administración concursal con dita solicitude. De tal xeito que cumprirá acceder á mesma.

Non se trata de que a falta de oposición determine, sen máis, o acollemento daquela solicitude, posto que o art. 490.1 TRLC, empraza ao xuíz do concurso a verificar "la concurrencia de los presupuestos y requisitos establecidos en esta ley", a fin de conceder "el beneficio de la exoneración del pasivo insatisfecho en la resolución en la que declare la conclusión del concurso". Sen embargo, tal e como veu concordar o administrador concursal, virían concorrer no caso de autos todos os requisitos esixidos legalmente para a obtención do devandito beneficio. Pois, sendo persoal natural a concursada, tamén poderá entenderse que concorrería boa fe na mesma, consonte ao establecido no art. 487 TRLC.

Certamente, non aberta sequera a peza de cualificación, tampouco deixou o administrador concursal de salientar, no seu informe de 22 de marzo de 2021, que en ningún caso habería de ser declarado culpable o concurso (art. 487.2.1º TRLC).

Tampouco quedou constancia de que a concursada tivera sido condenada en sentencia firme por delitos contra do patrimonio, a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra da Facenda Pública e a Seguridade Social ou contra dos dereitos



dos traballadores nos 10 anos anteriores á declaración de concurso (art. 487.2.2º TRLC).

Acreditou, asemade, ter intentado un acordo extraxudicial de pagamentos (de feito, o concurso veu ser solicitado polo mediador concursal designado a tal efecto) (art. 488.1 TRLC).

E, finalmente, tamén informou o administrador concursal que a concursada tería procedido a aboar a totalidade dos créditos contra da masa (art. 488.1 TRLC). De tal xeito que procedería a inmediata exoneración do pasivo non satisfeito á que facía referencia a STS de 2 de xullo de 2019 (EDJ 2019/639018). De tal xeito que, pagados "los créditos contra la masa y los créditos con privilegio general, (...) respecto del resto, sin distinción alguna, el deudor quedará exonerado".

Así as cousas, tal e como indica o art. 491.1 TRLC, a exoneración "se extenderá a la totalidad de los créditos insatisfechos, exceptuando los créditos de derecho público y por alimentos". De tal xeito que, "los acreedores cuyos créditos se extingan por razón de la exoneración no podrán iniciar ningún tipo de acción frente al deudor para el cobro de los mismos" (art. 500 TRLC). Beneficiando tamén a exención, en caso de réxime de gananciais, ou de calquera outro de comunidade de bens, aos "bienes comunes respecto de los créditos anteriores a la declaración de concurso frente a los que debieran responder esos bienes, aunque el otro cónyuge no hubiera sido declarado en concurso" (art. 501.1 TRLC). Aplicándose esta mesma regra "a los bienes de la sociedad o comunidad conyugal ya disuelta en tanto no haya sido liquidada" (art. 501.2 TRLC). Sen prexuízo da "facultad de los acreedores de dirigirse contra el patrimonio privativo del cónyuge del deudor por sus deudas propias en tanto no haya obtenido este el beneficio de la exoneración del pasivo" (art. 501.3 TRLC).

Sen embargo, "la exoneración no afectará a los derechos de los acreedores frente a los obligados solidariamente con el deudor y frente a sus fiadores o avalistas, quienes no podrán invocar el beneficio de exoneración del pasivo insatisfecho obtenido por el deudor ni subrogarse por el pago posterior a la liquidación en los derechos que el acreedor tuviese contra aquel, salvo que se revocase la exoneración concedida" (art. 502 TRLC).

PARTE DISPOSITIVA

ACORDO A CONCLUSIÓN DO CONCURSO por insuficiencia da masa activa, con cese das limitacións das facultades de administración e disposición que pesaban sobre a concursada, e





ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

con cese, igualmente, da administración concursal nas súas funcións.

ACORDO A EXONERACIÓN DO PASIVO NON SATISFEITO pola concursada, Sra. [REDACTED], a cal se estenderá á totalidade dos créditos non satisfeitos, agás os créditos de dereito público e por alimentos.

Os acredores cuxos créditos se extingan por tal motivo non poderán iniciar ningún tipo de acción fronte ao debedor para o cobro dos mesmos. Alcanzando tamén dita exoneración, en caso de réxime de gananciais, ou de calquera outro réxime matrimonial de comunidade de bens, aos bens comúns (incluso no caso de tratarse dunha comunidade disolta e non liquidada), respecto de créditos anteriores á declaración de concurso dos que houberan de responder ditos bens, aínda que o outro cónxuge non tivera sido declarado en concurso. Sen prexuízo de que poidan dirixirse os acredores contra do patrimonio privativo do cónxuge da debedora polas súas débedas propias, en tanto non tivera obtido este o beneficio de exoneración do pasivo.

A exoneración non afectará aos dereitos dos acredores fronte aos obrigados solidariamente coa debedora e fronte aos seus fiadores ou avalistas, que non poderán invocar a exoneración do pasivo obtida pola debedora nin subrogarse polo pagamento posterior á liquidación nos dereitos que o acreedor tivera contra daquela, agás no caso de que fose revogada a exoneración concedida.

Acordo a inscrición da presente resolución nos rexistros correspondentes, expedindo a tal efecto os correspondentes mandamentos, con testemuño da presente resolución e da sua firmeza.

Notifíquese esta resolución ás partes e más á administración concursal, ás que se lles fará saber que a mesma é firme, e que contra non caber formular recurso algúun.

Así o acordo, mando e asino.

Assinado por: PINO PEREZ, MARIA DEL MAR
Data e hora: 22/07/2022 11:45:50

Assinado por: PEREIRA COSTAS, MANUEL ANGEL
Data e hora: 22/07/2022 10:38:45

